

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2012**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEZO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FRNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 5 de decembro de 2012.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a instalación de ascensor no edificio sito en solo urbano sito na rúa Camiño Real, número 117; para a instalación de ascensor no edificio sito en solo urbano sito na rúa Camiño Real, número 6; para instalación dun tendal lavadoiro en local sen uso na planta baixa, no edificio construído en solo clasificado de urbano na rúa Alexandre Bóveda, número 53; para a construción dunha nave de planta baixa e planta alta, sen uso definido, no parque empresarial As Gándaras, rúa A, parcela O.4.3 e para realizar modificacións no anexo existente das obras aprobadas con licenza numero 899/10, para rehabilitación de vivenda unifamiliar illada e ampliación de anexo en Conturiz-Santo André de Castro.

### **ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**2. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a prórroga do contrato administrativo asinado coa empresa correspondente á contratación da subministración de emulsión bituminosa para o mantemento de toda a rede de camiños municipais mediante acordo marco con procedemento aberto, para o período comprendido dende o día 2 de novembro de 2012 ata o día 1 de novembro de 2013.

**ACTAS E GOBERNO**

JACA/cvr

Refª: 12extractoxg51.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-12-2012

**Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Dopeso García.**